

HISTORIA 1º BAC.....A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL...FICHA 2

Esta é tamén unha ficha para ser autocorrixida. O venres enviarei as respostas correctas.

DOCUMENTAL..LOS GRANDES DÍAS DEL SIGLO 8....LA TRAGEDIA (III)

está en youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=nryTevIQRo&t=370s>

Un documental de unos 45 minutos sobre os dous últimos anos da guerra

CUESTIONARIO

A partir de 1943 as potencias do Eixe (Alemaña-Italia-Xapón) empezan a rexistrar sucesivas derrotas ante o avance dos aliados en Europa e no Pacífico

- 1) Bombardeos de Alemaña. A aviación aliada parte dunha base en **Londres/Reino Unido** para bombardear as principais cidades de Alemaña.

A CAMPAÑA DE ITALIA

- 2) Xuño de 1943, Sicilia. Explica o que sucede. (20 palabras mínimo)

O exército aliado desembarca en Sicilia para iniciar a invasión/reconquista de Italia. A resistencia italiana non vai ser efectiva. O exército alemán toma a iniciativa na defensa de Italia.

- 3) Como reacciona o goberno italiano (Mussolini xa non era o líder) ante o avance aliado
Coa capitulación. O rei destitúe a Mussolini

- 4) Quen defende Italia do avance aliado?

O exército alemán

- 5) Os aliados entran en Roma o **4 de xuño de 1944**. Os italianos, que antes aplaudían a Mussolini e Hitler, agora vitorean aos **aliados (americanos)**

O DÍA D

- 6) Que era a “Muralla Atlántica”?

Un sistema de defensa alemán situado nas costas do Mar de Norte e do Canal da Mancha. Pretendía repeler unha invasión aliada desde Inglaterra

- 7) O Día-D. Explica o que sucede (mínimo 20 palabras)

Unha frota aliada (EE UU, Gran Bretaña, Francia Libre, Canadá, Australia... e un puñado de republicanos españois) cruza o Canal da Mancha desde Inglaterra transportando a uns 150.000 soldados que desembarcan en Normandía (Francia).

- 8) A partir de do desembarco, o exército aliado **avanza cara París**

- 9) París é liberado o **25 de agosto de 1944**

- 10) Despois da liberación de Francia, o obxectivo do exército aliado era **invadir Alemaña**

Nos saltamos do minuto 23:00 ata o 29:40.

A CONQUISTA DE ALEMAÑA

- 11) Na primavera de 1945 a situación de Alemaña era **dramática/desesperada**

- 12) Na última etapa da guerra o exército alemán moviliza a **adolescentes e anciáns**

13) Os países do leste de Europa son liberados por **a URSS**

14) Explica o final de Mussolini

Foi detido no norte de Italia por uns guerrilleiros comunistas (partisanos) que o executan. O seu cadáver (e o da súa amante) son exhibidos nunha praza pública en Milán.

Por certo, a famosa canción Bella Ciao, era unha canción dos partisanos.

15) A última batalla da guerra en Europa foi a conquista de **Alemaña**

16) Que decisión toma Hitler o 30 de abril de 1945? **Suicidarse, xunto súa muller Eva Braun.**

(En realidade casaron unha hora antes de suicidarse).

17) Berlín é ocupada polos **soviéticos** o 2 de maio

18) A medida que os aliados avanzan cara Alemaña descubren horrorizados...**a existencia dos campos de exterminio**

A GUERRA NO PACÍFICO

19) Antes de chegar a Xapón os aliados (EE UU neste caso) deben ocupar todas as **illas** do Pacífico Oriental

20) Que eran os kamikazes?

Eran aviadores xaponeses que se lanzaban cos seus avións cargados de explosivos contras os buques norteamericanos. Eran pilotos suicidas.

21) O avance norteamericano foi lento debido **a resistencia dos xaponeses**

22) Para acelerar a rendición de Xapón, os norteamericanos deciden utilizar unha nova arma, **a bomba atómica**

23) O 6 de agosto de 1945 unha primeira bomba cae sobre **Hiroshima**

24) E o 9 de agosto cae unha segunda sobre **Nagasaki**

25) O 2 de setembro de 1945 Xapón asina a rendición. Onde? **A bordo dun buque norteamericano**

DOCUMENTAL: LOS HOMBRES QUE LIBERARON BELSEN

Este está en documanía, nesta dirección.

documaniatv.com/historia/heroes-de-la-segunda-guerra-mundial-3-los-hombres-que-liberaron-belsen-video_7117534f5.html

É un vídeo duns 20 minutos que narra con imaxes reais o que atoparon os británicos que liberaron o campo de exterminio de Belsen (Alemaña) na primavera de 1945.

CUESTIONARIO

1) O campo foi inaugurado en **1933**

2) Inicialmente, que tipo de presos albergaba? **Calquera que non encaixara na ideoloxía dos nazis: comunistas, sindicalistas, sacerdotes, homosexuais e xudeus**

3) Cal era a idea inicial do "problema Xudeu"? **Facelos cidadáns de segunda, quitarlles todos os derereitos.**

4) Wansee. Que decisión toma a xerarquía nazi nesta reunión? **Deciden a "solución final". O exterminio de todos os xudeus de Europa. Para isto crearon os campos de exterminio como Auschwitz, Sobibor o Treblinka.**

5) Aínda que Belsen non era un campo de exterminio como Auschwitz/Birkenau, a maioría dos xudeus morreron. Por que? **Malos tratos, traballo excesivo, fame e enfermidades**

6) Podes describir o que encontraron os británicos ao entrar en Belsen?
Unha situación infernal. Non menos de 30.000 cadáveres, os vivos eran figuras esqueléticas, a maioría enfermos de tifus. Unha nube de pó s extendía polo campo.

7) Cal era a opinión dos membros das SS sobre a súa misión en Belsen?

Non eran conscientes do mal que causaron. Para eles simplemente era o seu traballo.

8) Ás veces, do inferno xorde a esperanza. Que historia de amor naceu en Belsen?

O sarxento británico Norman Tergel e a prisioneira xudía Jena Tergel casaron no mesmo campo.